

POR UNHA GALICIA CEIBE SIN ESPLOTACION

Díaco



VOCEIRO DA INTERSINDICAL NACIONAL GALEGA

NOVEMBRO /78

Núm. 21



**CONTRA
O PACTO
SOCIAL
NON
A CONSTITUCION
ESPAÑOLA**



TODOS traballadores sabemos moi ben das cotizaciones que mes tras mes facemos á Seguridade Social, e tamén podemos comprobar que as prestacións que recibimos deste organismo son moi malas e desiguales, polo que se podería pensar que retén moitos cartos. Pro eso non é así. Por unha vez, o I.N.P. amosa as contas (porque lle interesa a colaboración de todos), e atopámonos que no mes de xuño o presuposto pró ano está prácticamente rematado. As grandes empresas hai meses que non cotizan á S.S.; ós médicos aumentóuselles a retribución polas guardias nun 50% sin que naide o pedise; ningún vixilou o xeito de emprego dun presupuesto, xa en principio insuficiente, tendo en conta que subira, con relación ó ano anterior, acordo co Pacto da Moncloa, e que os precios de consumo subiron moi máis (nalgúns casos de material sanitario, máis dun 100%).



Esta situación tiña que xenerar necesariamente a crise que hoxe por decreto do I.N.P. temos que sufrir todos.

Este organismo, pra loitar contra o fraude de que está sendo ouxetu impón medi-

das restrictivas que só perxudican ós traballadores, cando tiña que obrigar ás empresas a pagárlle todo o que lle deben.

Así, tentou nas residencias e centros hospitalarios en xeral que os servicios on-

de existiran médicos de guardia disminuirán, o que na práctica quiere decir que baixaría a calidade esencial. De momento, pódese decir que non conqueriu nada. O que xa estamos sufrindo é a diminución do 30% na pensión alimenticia dun enfermo. Xa se supriu a merca de material desbotable, e deixa fin de ano non se mercará nada de lençería, nin se darán uniformes ós traballadores da saude.

A vista desto, e do pouco que se vai aforrar deste xeito, é claro que os problemas da S.S. non se van amañar, e vai seguir prestando unha asistencia sanitaria deficiente, porque os traballadores de Galicia só recibiríamos unha asistencia axeitada se se estatalizase a medicina a nivel galego.

Os partidos políticos e centrales sindicales españolas, aceptaron e comprometeron a respetar as medidas restrictivas, en cambio de que lles deixen xestionar na S.S. E participar na xestión da medicina claramente ó servizo do sistema capitalista, destinada sóio a reparar homes pra que poidan seguir producindo, é a proba más clara que se pode dar de que as centrales españolas (tódalas que están negociando co I.N.P. cara a que se cumplan as medidas, CC.OO., UGT, CSUT, SUGS) siguen a potenciar a medicina privada, cando tiñan que loitar pola súa socialización real.

Eles apoian estas medidas en nome da responsabilidade, e demagóxicamente defenden a continuidade da S.S. tal e como está, «no ca-

miño de socializar a medicina, en contra da súa privatización», sin entender que somente será verdadeira a socialización cando tódolos traballadores da mesma señan funcionarios, o que quiere decir adicación esclusiva, un salario digno, seguridade no emprego... Entón, o problema das guardias dos médicos desaparecería, porque todos traballarían prá S.S. en lugar de manter consultas privadas: poderían establecerse turnos, o que mantería a continuidade no traballo e posibilitaría unha boa asistencia igualitaria pra tódolos enfermos.

A I.N.G. é consciente de que esta socialización real sóio se poderá dar cando a medicina esteña **estatalizada a nivel galego**, porque só un goberno dos traballadores galegos pode poñer medicina ó seu servicio e non ó do capitalismo. Por outra banda, as centrales españolas afánanse por conquerir, a cambio da súa colaboración, un pouco de poder dentro da S.S.

Pra nós, hoxe, é urgente impedir que un servizo público caia nas mans dun grupo privado, que o manexe pra defender os seus intereses ó marxe dos do pobo. Así, non aceptamos **ningunha das medidas restrictivas do I.N.P.**, e oponémonos a todas as que, coma estas, poidan lesionar os intereses dos asegurados. E esiximos que os traballadores da saude señan funcionarios do Estado, o que significaría a socialización da medicina a nivel galego, e así remataríamos coa situación colonial que en materia de saniade tamén padecemos.

OS NOSOS LOCALES

VILAGARCIA

Martínez Lamadrid, 1-entlo.

MOAÑA

Carretera de Arriba, 202

GOIAN

Goián

PORRIÑO

Peña, 3-1º

FERROL

Atocha, 26-baixo

SANTIAGO

Montero Ríos, 39

BETANZOS

Ferreiros, s/n.

PONTEVEDRA

Oliva, 6-1º

VIGO

Avda. Alcalde Portanet, 29

VIVEIRO

Misericordia, 8-1º-D

RIABEAO

Amando Pérez, 8-1º

MONFORTE

Abelardo Baanante, 1-1º

VILLALBA

General Franco

CARBALLO

Hérrez, 1-5º dereita

CAMBADOS

Carretera Xeneral, 58

MARIN

Avda. de Ourense, 128

CANGAS

Avda. de Vigo

AS PONTES

Rego de Muíño s/n

CEE

Castiñeiras, 5

OURENSE

Burgas, 1

CARBALLIÑO

Tvsa. do Balneario, 13

LUGO

Monforte, 36-baixo

FOZ

Rego de Foz, 4-baixo

SARRIA

Diego Pazos, 63-baixo

MUIMENTA

Plaza do Pobo

CORUÑA

Mosteiro-Moraime, 7-baix

MUROS

A Terta, 20

VILABOA

(Pontevedra)

EDITORIAL

Iniciase unha nova etapa na vida sindical e entramos nela cun balance positivo pro sindicalismo anticapitalista e anticolonial no ano 1977-1978. Un ano ouxetivamente positivo porque todo ao longo del a I.N.G. foise perfilando como unha alternativa real, eficaz e responsable pra clase traballadora galega a través da presencia efectiva dos nosos militantes na dirección da mayoría dos conflictos e mobilizacións que tiveron lugar a todo longo e ancho da nosa nación. Hoxe podemos pois afirmar que a I.N.G. é a expresión organizada dos traballadores galegos, o baluarte antiimperialista da nosa clase obreira frente ás agresións do capital monopolista e frente a véntrada descarada dos intereses dos traballadores galegos que fai día tras día o sindicalismo español.

O avance evidente experimentado pola nosa central neste ano non se explica somentes pola necesidade ouxetiva que ten a clase obreira galega dun sindicalismo que oriente a loita de clases na perspectiva do rachamento de dependencia colonial da nosa Terra, senón principalmente pola aplicación práctica desde principio en toda conta loita participou a I.N.G. activamente. Estes plantexamentos, que diferencian a práctica sindical da nosa central da das centrales españolas explica a importancia fundamental dada pola nosa central á clarificación da nosa clase traballadora, a elevación da sua conciencia patriótica e de clase frente ao sindicalismo basado na desinformación e a manipulación levado polas centrales españolas; explica a utilización da presión como elemento básico pra arrincarlle á patronal milloradas nas condicións de vida e traballo frente ao sindicalismo español desmovilizador da clase obreira, por cal o eixo fundamental é a hábil negociación «que supere a loita de clases», e en definitiva, que actua como colchón amortiguador das contradiccións de clase e como pilar na defensa da sociedade capitalista.

E pois a presencia da nosa central no campo sindical galego o que evitou que o sindicalismo español se estabilizara na nosa Terra, que as maniobras do capital monopolista contra a nosa clase traballadora, vidas na maioria dos casos da man das centrales españolas, poderan tomar carta de legalidade. Así, o ataque levado a cabo pola ING contra os PACTOS DA MONCLOA foi peza fundamental no seu desprestixio ante a clase traballadora galega, da mesma maneira que a loita contra os acordos marco sobre o sector naval, as loitas por conseguir convenios xustos, ou pola defensa do posto de traballo, por poñer uns exemplos. En todas elas, independentemente dos resultados económicos ou sociales conseguidos, a clarificación do papel que xogaban as centrales españolas e as intencións do capitalismo imperialista foron sempre sistematicamente denunciadas e desenmascaradas. Ao mesmo tempo, por primeira vez a clase traballadora galega tivo conciencia da s—a capacidade movilizadora e a oposición ao capitalismo colonial e ao seu instrumento o Goberno como culpables da situación na que se atopa a nosa Terra, nas xornadas nacionais de loita, quedou ben patente.

TABOA

Página 2 SANIDADE	Página 7 ENTREVISTA	Página 12 AS NOMINAS
Página 3 EDITORIAL	TRABALLADORAS DE S./REMO	Página 13 REGOJO
Página 4 O MARISQUEO	Páginas 8 - 9 CONTRA O NOVO PACTO SOCIAL; NON A CUSTITUCION ESPAÑOLA	Página 14 ASCON
Página 5 RESTRUCTURACION DO SEC- TOR NAVAL	Página 10 CORFI	Página 15 MUROS
Página 6 LUGO TERRORISMO DA PATRONAL	Página 11 COMUNICADO DA ING SOBRE DOS MESTRES DESPLAZADOS	Página 16 EN LOITA POR UN CONVENIO CONTRA A POLITICA PESQUEIRA COLONIAL

Nesta dinámica hoxe, atopámonos nun momento no que o control ideolóxico político e sindical da clase traballadora galega preténdese legalizar con novos instrumentos no intento de coutar todo tipo de alternativas que supofan a sua liberación nacional e de clase. Hoxe polo tanto, os intentos de illar en todos os eidos á I.N.G. e ao conxunto do movemento nacional-popular galego, teñen expresión no eido sindical na nova Lei de Negociación colectiva, nos convenios marco a nivel de Estado que pretenden institucionalizar a nivel das distintas nacións aos interlocutores que se sentan coa patronal a nivel de Estado, coa representatividade que lles dá máis o plegamento aos intereses do capital monopolista que o ser a expresión da voluntade da clase traballadora; nos novos pactos que se avecinan nas postimerías dos da Moncloa, mais duros e con menos fisuras que os que agora rematan e que xa se aprestou a firmar as centrales españolas, anque todas neguen rotundamente a sua vontade «pactista» e traidora aos intereses dos traballadores, recurrindo a malabarismos como o de afirmar caso CC.OO. que os novos pactos serán «económico-políticos» que seíca non é o mesmo que «pacto social» (?); no enésimo intento de confundir a clase traballadora; en fin, no proyecto de lei de acción sindical na empresa que non pretende outra cosa que pola vía de penetración dos traballadores no control e incluso xestión de cuestións secundarias nas empresas lime e afogue a loita de clases, esclerotice a vida sindical e levé á clase traballadora pola vía do apuntalamiento da sociedade capitalista.

Hoxe, en definitiva có referéndum constitucional ás portas donde todo o sindicalismo español sé apresta a defender o «sí» á constitución queda moiito máis de manifesto a incapacidade do sindicalismo español pra resolver os nosos problemas ao avaliar unha constitución que non reconoce os nosos dereitos como nación e que condena á clase traballadora galega a continuar a ser sobreexplotada como man de obra barata e carne da emigración e á nosa Terra a ser unha colonia do Estado Español, unha constitución que abre as portas a todos os atracos dos que falamos máis arriba e que vai a impedir á nosa clase traballadora, dada a función que se lle asigna a Galicia ter unhas condicións de vida e traballo dignos na nosa Terra.

Ante todo esto, a vía iniciada pola nosa central, a presión e a mobilización contra todas as manifestacións da opresión e da explotación do capital monopolista e dos seus aliados en Galicia non sólo sigue sendo válida senón que se debe xeneralizar, sólo desta maneira poderemos impedir que se estabilice na nosa Terra o expolio e a sobreexplotación. E pois, este o camiño que a I.N.G. asume con responsabilidade e coerencia, garantía de que o remate da explotación do home polo home na nosa Terra virá, somentes, das nosas propias organizacións de clase.

As centrais sindicais españolas CCOO, UGT e USO, despois dunha serie de paseos por Madrid, veñen de firmar de acordo coa patronal e co Goberno, a constitución dunha Sociedade Anónima Laboral para darlle saída, seria e responsable, a decir díles, ao conflito do «Grupo Regojo», que afecta a 1.300 traballadores. Acordo pendente de ser aceptado polos traballadores nunha asamblea, ben fácil de ser manipulada.

A Sociedade Anónima Laboral significará:

1º—Que nos fagan aos traballadores copropietarios do Grupo, cedéndonos o 50 por 100 das accións. Esto quere decir, que imos ser propietarios das perdas da Empresa.

2º—Qué aceptamos que sobrarán unhas 700 traballadores, ca que según os estudos dos técnicos, ao quedar constituída a S.A.L. hai que regular a unha parte do personal, e vamos ser nós, os traballadores, copropietarios da empresa, os que decidimos qué compañeiros imos quedar na plantilla, e qué compañeiros van ir pra rua.

3º—Que os créditos que vai conceder o Goberno, insuficientes, pois non van dar os 400 millóns que farián falla pra arranxar a cuestión (veñen as cifras na Voz de Galicia), hai que devolvélos nun plazo de tempo fixados os intereses correspondentes. E si os plazos non se cumplen, o Goberno a travesor do Ministerio de Fazenda, vai embargar os bens hoxe hipotecados que avalan istos créditos.

4º—Que ao sermos propietarios nós da empresa non terá sentido facer reivindicacións salariais de ningún tipo, e os nosos soldos dependerían de como fose a produción e as ventas, despois de pagar os plazos dos créditos. Podéndose dar o feito de que traballemos por salarios de miseria ou que incluso non cobremos moitas veces.

5º—Que o feito de nomear un xerente rion quere decir que os problemas do grupo arranxense porque, por moito que se amañen as empresas do grupo, o goberno non se compromete a estructurar o sector nin a protexer a nosa importación contra as exportación



Regojo: SOCIEDADE ANÓNIMA LABORAL,

UN FRAUDE AOS TRABALLADORES

extranxeiras, de tal maneira que nadie garantiza que as grandes redes comerciais, Corte Inglés, Galerías Preciados, Simago, que absorberían o 70 por 100 da produción de Regojo, non sigan mercando prendas moi más baratas, e que lle dan máis beneficios.

Polo tanto establecer unha Sociedade A. L. non compromete pra nada ao Goberno, que ten a via asegurada pra recuperar os cartos por medio das hipotecas, se seremos nos os traballadores quenes nos fundiremos.

ALTERNATIVA DA I.N.G.

Evidentemente a solución mais real e viable e que o Goberno se comprometa e que se faga cargo do Grupo ou ben o I.N.I. ou se concedan créditos ao grupo que non vayan acompañados da creación da S.A.L., ao mesmo tempo que por parte da Admón. se tomen medidas pra protexer a produción diste sector e se raciona-lize o mesmo garantizando o posto de traballo, como xe se ten conseguido en Alvarez e Barreras, o cal fai esta alternativa moi realista e pra nada utópica, como díos sindicatos españoles.

Ista alternativa farase real de na medida en que nós, coa nosa unión presionemos na rua, e mostremos a nosa oposición a patronal. Neste senso a I.N.G. xa levou a cabo unha manifestación en Redondela, de 1.000 traballadores, con un sentido moi distinto a que levaron a cabo as centrais españolas, que contando co apoio das forzas vivas da bisbarra, cregos, axuntamentos, fixeron un desfile carnavalesco sen unha alternativa clara.

As centrais sindicais españolas en ningún momento aceptaron esta alternativa ao estarren enfeudadas coa patronal e co goberno desde sempre, e así están o pacto da Moncloa, a actuación en diversos conflictos como o de Ascón, Corfi, Astano, os novos pactos sociales e como non, hasta incluso o seu apoio a unha constitución antiobreira e antigalega, que nos demostran como son fieles defensores do capital monopolista.

A REESTRUTURACION DO SECTOR NAVAL

O pasado mes de xullo foi firmado un acordo entre as centrais sindicais CC.OO., UGT, ELA-STV, e máis USO, coa Administración co cal preténdese iniciar a racionalización do sector estatal da construcción naval e adoptar un plan de urxencia que permita facerlle frente a difícil situación na que se atopa o sector. Este acordo, un froito máis da chamada parte social, ter recollido no seu articulado as aspiracións dos traballadores do sector referentes a ter asegurado un posto de traballo e un salario dignos; nembargantes a realidade do resultado dos acordos é que, aparte mera declaracións de principios por parte da administración no tocante ao posto de traballo, o único que se concreta no articulado é toda unha serie de medidas que van supoñer o despido máis ou menos encuberto a medio plazo dun bó porcentaxe de traballadores.

Asistimos así ao inicio dunha reestruturación do sector totalmente acorde cos intereses do capital —nunca a política do consumo lesiona os seus intereses— que vai marcar a pauta a seguir polos empresarios privados do sector; inténtase pois, así, levar a cabo o parcheo dunha situación herdada do fascismo durante o cal levóuse a cabo un desenrolo irracional dos astelieiros do Estado, pra atender a demanda de buques conxeladores dos anos sesenta e a produción de superpetroleiros, debido ao peche do canal de SUEZ, que convertiu ao Estado Español nun dos primeiros exportadores de buques do mundo, desenrolo que ao estar baseado en situacións colunturales que non se tienen en conta ou non se lle fixo caso levaron á situación actual de paro encuberto nos astelieiros. Así, unha reestruturação que se podía ter iniciado hai anos seriamente, pro que non entraba nos plans do capital monopolista —habería que preguntarle a máis de ún a quen beneficiou, por exemplo, a posta en marcha da factoría de Cádiz de ASTILLEROS ESPAÑOLES no ano 1974 que agravou in da más o problema— vaise producir agora co fantasma do peche de empresas de frente, un dos argumentos utilizado polas centrais firmantes pra xustificar medidas lesivas prós traballadores. ¡Outra vez a disuivita demagógica de ou esto ou o caus!


Xa noutro orden de cousas e pasando a analizar en concreto o contido dos acordos, comprobábase perfecta-

mente a irracionalidade, o parcheo e o engaño á clase traballadora feito a todo o longo dos puntos. Xa en primeiro lugar hai contradiccións tan grandes como que se fale por parte das centrais de ter asegurado o posto de traballo cando se acepta unha reducción da capacidade productiva dos astelieiros nun 50%, que non pode facerse sin reducir en proporcións semellantes a man de obra.

Concretanse tamén toda unha serie de medidas a levar a cabo coniuntamente polos comités de empresa e as direccions das factorías referentes ao fomento de xubilacións anticipadas ou por incapacidade laboral, que neste caso o que van producir é toda unha picaresca incentivada neste caso polos representantes dos traballadores pra botar lastre de personal.

Ao mesmo tempo, fálase de regulacións temporais, que con estos plantexamentos son preparatorias dos despidos futuros que se lle adubían aos traballadores con promesas de salarios do 95% das percepcións reais, cando na realidade é que si van percibir o 95% pero das bases de cotización co cal o dito seguro de desemprego quedará reducido a bastantes menos.

Plantexánse tamén cursillos de capacitación profesional a levar a cabo nas distintas factorías e cos cales preténdese preparar aos traballadores prós novos cometidos das empresas, grave contradicción sin saber moi ben a que se van dedicar estas e más grave ainda se é pra capacitarlos pra outra profesión cando non se



sabe, nin cómo nin cando se van crear novos postos de traballo alternativos.

En fin a mera declaración de propósitos do Goberno con respecto á dedicación dos astelieiros galegos afectados: plataformas petrolíferas —ASTANO— e buques de guerra —BAZAN— non garantiza tampouco plenos empregos dende o momento en que non hai concretados plans de traballo nin pedidos á vista que permitan facer tales afirmacións.

Estamos pois ante un intento de avalar a política do gran capital, de liquidar o sector naval a costa dos traballadores, de conducilos en definitiva por un camiño que dentro dun ano vai supoñer dadas os puntos de partida o seu despido puro e simple co agravante de ter os pasos intermedios esgotados e a capacidade de resposta dos traballadores moi menguada; en resumen trata de situálos ante feitos consumados sin reversión ria.

possible e que posibiliten incluso a «necesidade» de acometer obras que den emprego aos parados e neste sentido non é aventurado apuntar por exemplo a construción da central nuclear de Xove.

Hoxe, este atentado contra a clase traballadora galega chegado das mans das centrais sindicais citadas móstranos claramente o papel que xogan na nosa Terra. Hoxe, tamén está situación obliganos á nosa central a loitar con máis firmeza, se cabe, por esclarecer á nosa clase traballadora, por conseguir que non se permita o abandono das factorías, sin estudios serios sobre o que quiere facer o Goberno no sector, sin medidas concretas de actuación e, o que é máis importante, despois de todo esto, de ser necesario, sin ter un posto de traballo alternativo efectivizado no momento de ter que abandonar a facto-

TRANSPORTE DE MERCANCIAS

TERRORISMO DA PATRONAL

O SOG-ING de Lugo, maioritario no sector, despols de varias assembleas, decidiuse a finás de xullo a negociar o convenio colectivo do Transporte de Mercancías. Eleixido o Comité Deliberador, composto por seis membros da nosa Central, empézanse as negociacións.

MANIOBRAS POLITICAS

Dende o primeiro día a Patronal, moi ben organizada e que fala sempre a través de dous portavoces —Vallejo e Montaña— mantéñese nunha postura pechada, coa mesma oferta do 9 por 100 de aumento salarial e sin quererán entrar na negociación de ningún articulado. Despois de múltiples deliberacións, os traballadores do sector pedimos folga pegal próximo día 13 de outono.

Xa dende o principio das negociacións comienzan a queimar ou danar camións, así coma a decir que recibían ameazas por parte do Sindicato, creando un ambiente de terror na opinión pública e mesmo nos traballadores a través da prensa, radio, etc. Non sómente nos temos que enfrentar cunha patronal organizada, sectores políticos coma UCD e AP, senón tamén coas centrales españolas UGT-PSOE, CC.OO.-PCE. Atopámonos cun intento claro de desorganizarnos coma sindicato, coma clase e coma pobo, e pra-

elo empregan todos os métodos ó seu alcance, terrorismo de prensa legal, etc. Todo este montaxe fáno cun só fin: desorganizar a ING e ó tempo atacar ó MN-PG do que a nosa Central é parte integrante.

A pesares desta maniobra, a ING mantién a convocatoria de folga deixa o día 12. Daquela, nunha assemblea de traballadores aclárase a situación do sector e pásase a votar o qué facer.

Decidese por maioria non firmar o convenio e pedir CONFLICTO COLECTIVO, e polo tanto, desconvócase a folga.

QUE SIGNIFICA ESTO?

- 1.—Non firmar unha miseria de salario.
- 2.—Non quedar atados por un ano co convenio.
- 3.—Permitir o sector poder negociar e negociar un novo convenio a partires de xaneiro.
- 4.—Seguir organizados p'a unha nova loita e non deixar que a patronal conseguira os seus fins.



NON O PECHÉ DE SAN REMO

NON O PACTO SOCIAL

ING

7

ENTREVISTA COAS TRABALLADORAS DE "CONFECIÓNS SAN REMO"

OS peches patronás, reestructuracións de plantillas, despídos, están á orde do día na nosa nación. A patronal enfréntase ós traballadores dun xeito cada vez máis brutal, ben provista coa arma dunha legislación laboral que permite o despido libre e polos pactos sociás que as centrales españolas firmaron en contra dos intereses dos traballadores pra entregarnos atados de pés e mans ó capitalismo. Casos coma Ascón, Regojo, Corfi, San Remo... son ben conocidos por todos nós.



Confeccións San Remo é unha fábrica de pantalóns de Villalba que tiña unha plantilla de cinquenta traballadores na súa maioria mulleres, e tiña unha grande importancia mesmo na economía de toda a capital chairega. A maior parte das traballadoras están afiliadas á nosa Central. Falamos con elas pra o EIXO.

—¿Cómo empezou o conflito?

—Xa a primeiros de ano plantexouse un peche temporal de seis meses, baseándose a empresa nunha crise que de feito non existía, pois o mesmo traballo seguise realizando noutra empresa dos mesmos propietarios, «City Down». Sin embargo, e coa axuda da central minoritaria Comisións Obreras, a patronal conseguiu o seu ouxetivo.

—¿Qué fixo a empresa durante os seis meses de peche temporal?

—Conócese que lle parecían pouco, e entón presentou espeditivo pra conseguir o peche definitivo, ba-

seando na crise de sempre e aportando uns papés que non a demostraban precisamente.

Nós, a I.N.G., iniciamos unha campaña de información e sensibilización pra conseguir unha presión popular, fixemos encerros na AISS e rematamos cunha manifestación que se fixo en Villalba o 30 de setembro e que contou co apoio da AN-PG.

—¿Qué resolveu en definitiva a Delegación de Traballo?

—Denegou o espeditivo pró peche, o cal obriga á empresa a abrir de novo os talleres. Nós consideramos que foi unha victoria conseguida coa nosa loita, unha victoria moi importante, xa que moi poucas veces se tén conseguido parar un espeditivo de peche.

—¿Abriu xa Confeccións San Remo?

—Non, abrir non abriu, anque tiña que facelo ó cono-

cer a resolución. Nós tomos traballar e atopámonos coas portas pechadas. Entón, levantamos acta de conforme non abriu e denunciámola.

—¿E non deu ningunha outra noticia de si?

—Dar deuria, pero pra nós é coma se non a dera. Ofreceron ó noso Sindicato dous millóns e medio de pesetas pra repartir entre nós e que aceptáramos o pecho. Nós non imos aceptar tal amanío porque os postos de traballo non son negociables. Nós o que queremos é que a fábrica abra e seguir traballando, e nese sentido imos continuar a loita.

—¿Cómo é, en xeral, a actitude da patronal?

—A nós dixéronos que non quería abrir de ningunha maneira, que era xa unha custión de capricho, costáralle o que lle costara. Fálase mesmo de que quere presentar suspensión de pagos, o que sería unha trampa das sociedades anónimas, que a responsabilidade non

é personal, e eles teñen outras fábricas onde fan o traballo que se facía en San Remo. O que decimos nós é que os traballadores non podemos depender do capricho dun patrón, de que a un señor se lle meta na cabeza deixarnos na rúa porque lle peta. Por eso nós seguimos na loita, porque queremos traballar, porque pensamos que temos dereito a ter un traballo na nosa Terra e que non hai dereito a obligarnos a emigrar. Por eso é polo que estamos organizadas na Central nacionalista, que non suscribe os pactos sociás e que loita por unha Galicia ceibe e sin emigración. A victoria das traballadoras de San Remo é unha victoria de todos os traballadores galegos amenazados polas regulacións de plantilla, polos peches patronás, polo despido libre, que deixa abertas só as portas da emigración.

Corresponsal

Os traballadores galegos diante da constitución española

Dante do feito inmediato da aprobación da Constitución no Senado e o posterior referéndum, sobor do cal moitas forzas sindicais españolas se teñen pronunciado por decir SI incondicionalmente, os traballadores galegos e a nosa central I.N.G. debemos analizar o que esto significa e adiantar cá debe ser a nosa postura.

Todos temos a idea da Constitución coma dun marco legal mímino onde se desenrole a vida nacional (a galega no noso caso), e polo tanto xa de entrada nos atopamos con que esta Constitución non responde a este suposto, pois enmarca a todo o Estado Español, negándonos o dereito que como galegos temos a rexer os nosos destinos e, xa que logo, a ter a nosa propia Constitución. Quere esto decir que pra empezar obrígnanos a entrar nun xogo no cal imos seguir tendo o papel secular de colonia, agora presuntamente «democrática».

Non esquenzamos que o confuso termo de «nacionalidade» que se lle aprica a Galicia na Constitución non significa outra cosa ca un intento de conter os anceiros dos traballadores galegos de sacudirnos a opresión colonial, disfrazando a Nación que somos con outro termo e poñéndonos unha institución fantasma, a «Xunta» que nos faiga crer que eso é o autogoberno que necesitamos; reservando, como decímos, a categoría de nación pró Estado Español, feito nidiamente imperialista que se quere acochar coas Autonomías.

Nesta mesma análise non é de estranhar que os sindicatos e partidos políticos españoles apoien sin condicións unha Constitución declaradamente imperialista e capitalista, pois eso non fai más ca reaffirmarnos na idea do papel de axentes do colonialismo que cumplen en Galicia.

Por se fora pouco o dito, a Constitución que se intenta aprobar reconoce expresamente as relacións de producción capitalista coma modelo económico do Estado, e eleva á categoría constitucional medidas antiobreiras coma o peche patronal.

Pedirnos ós traballadores galegos que apoemos esta Constitución é coma decirnos que neguemos o noso dereito a decidir nós na nosa Terra, e asegúrn os nosos intereses; é tanto coma facernos estar dacordo coa explotación á que nos somete o capital imperialista, que en Galicia é doble: por unha banda, a plusvalía que se lle quita ó traballador coma tal, e pola outra, o que se lle rouba a Galicia coma Nación. Pedirnos que apoemos a Constitución é tanto coma pedirnos que legalicemos as armas que o capital utiliza en contra de nós.

Entón os traballadores galegos, se non queremos traicionar os nosos intereses, debemos votar NON a Constitución, debemos votar NON a unha Constitución feita e pensada dende Madrid, debemos votar NON a unha Constitución feita por e prró Capital Imperialista Español.

CONTRA O NON A CON



Os traballadores gallegos son fundamentais para o establecimento de unha nova Galicia. O Referéndum constituirá o PACTO DA MONCLOA, un pacto claro, por parte da economía crítica en beneficio das classes trabalhistas, aliadas todas na oposición ao colonialismo español. As consecuencias serán drásticas.

NOVO PACTO SOCIAL ISTITUCION ESPANOLA



Igos estamos as portas de dous acontecetes pra o noso futuro, e que están relacionados da firma do novo Pacto social colonial. O novo PACTO SOCIAL virá sustituir a que xa remata, e que naceu como o Inicio do Goberno, de sair dunha situación económica da burguesía imperialista española. Aental das Centrales sindicales españolas emonia de consolidar o capitalismo coencelas do pacto son ben conocidas e adestradas os galegos:

—Estancamiento de salarios, que nalguns casos disminuían o seu poder adquisitivo á mitade, xa que por culpa do Pacto moitas subidas conseguidas non se aplicaron.

—Os empresarios tiveron no pacto da Moncloa o argumento fundamental pra facer inviable calqueira reivindicación.

—Os postos de traballo miráense afectados seriamente, as suspensións de pagos, as regulacións de plantilla, os peches e mesmo os despidos masivos son acontecimentos diarios nos erradeiros meses.

—Intento constante de desinvilización da clase obrera, basta nunha campaña pra provocar medo pola perda de postos de traballo, e tamén pola vía de ofrecer-las como solución aos empregos a «coexistión», e decir-las participar na marcha da

empresa.

—Crisis en sectores enteros i en empresas que puñan na rua a moitos traballadores. ASCON, Regojo, Corfi, Unión Cradytor, San Remo... despidos masivos, crisis no mar ou na construcción naval, etc., son o balance dun ano de «Pacto».

Os mesmos ouxetivos vai ter o novo Pacto que se firme. En definitiva, que a burguesía imperialista española manteña as suas cotas de ganancia a conta de aumentar a explotación sobre os traballadores. Este Pacto que se vai firmar será ainda máis duro que o anterior, e si se aproba a Constitución española xa terán o marco que lles permitirá actuar libremente pra facer efectiva esa política de Pacto social. A constitución española sinifcará pra os traballadores galegos:

1. — Sometimento ao capita-

lismo colonial español, a economía libre de mercado onde en nome da productivididade e estabilidade económica van estar xustificadas tódalas medidas que favorezcan aos grandes empresarios: regulacións de plantilla, suspensión de pagos, espedentes de crise, estancamiento de salarios, etc...

2. — Declarase abertamente na Constitución que o Estado estará ao servicio da burguesía imperialista española, xa que gardarán fidelmente todo o que a elle interese: a mesma taxa de ganancias, a productivididade, a estabilidade, a economía de mercado.

3. — E unha constitución española que nos nega a soberanía que como, pobo nos pertence e pretende impedir calquera projeto encamiñado a que os galegos nos gobernemos sin ningún tipo de intromisóns.

4. — Contempla indirectamente a posibilidade de entrada do Estado Español no Mercado Común con tódalas graves consecuencias que esta medida tragueira pra nós: emigración, paro, diminución dos postos de traballo, etc...

5. — A garantía de que dous servicios públicos gratuitos e igualitarios como o ensino e a sanidade funcionasen como tales, atacase abertamente na Constitución española que se preocupa de manter a privatización neses sectores pra que istos sigan a cumplir o seu papel como reproductores de desigualdades sociales.

6. — Todo este marco pretende de asegurarse, entre outras cousas, con unha política que deixe sin capacidade de resposta aos traballadores galegos.

—A folga poderá ser declarada ilegal cando lles peta.

—O intento de meternos na dinámica do sistema (coexistión) facéndonos creer corresponsables pra que aturemos sin rechistar a nosa situación, aparece claro na Constitución.

—A lei de negociación colectiva e o Estatuto do Traballador que nos esperan, caso de aprobarse a Constitución, xa podemos supoñer que soio beneficiaria á Patronal e as Centrales españolas que non molestan nada aos grandes capitalistas.

En definitiva a Constitución española sinifica a consagración do actual orden económico e social,

adaptado nalgúns aspectos á nova etapa; e pretende que os traballadores galegos aturemos mansamente a nosa explotación, establecendo un marco legal que intenta eliminar calqueira posición. O testo constitucional español pode declarar ilegal, por inconstitucional, dende unhas traballadores en folga, deixa a máis simple reclamación, pasando por calqueira organización que tente realmente transformar o marco capitalista ou a estrutura unitaria do Estado. O «consenso» acadado no testo polos partidos políticos e o apoio, posterior das centrais españolas, descubren unha vez más o feito de que coinciden en defender os mesmos intereses i en non cuestionar o poder da burguesía imperialista española. Indica ainda mais, que as poucas declaracions que fan no camiño de transformar a sociedade, non son máis que vaguedades sin senso, xa que á hora de facer política real apoian un testo constitucional que lexitime o Estado Imperialista Español e o sistema capitalista na propia Constitución, ao tempo que coloca fora a calqueira que realmente loite polo remate da explotación do home polo home. Nós coñocemos o que foi o Pacto de Moncloa na nosa propia carne, e si se aproba a Constitución, o Pacto que se aveciña vai ser ainda máis duro, pos xá estará sancionado e lexitimado «democráticamente» o marco económico-político que precisan pra sua aplicación. Xa que logo, a oposición a política do Pacto social, supón a oposición á Constitución. O Pacto social e a Constitución representan duas caras da mesma moneda, de pretender cargarse a real oposición á política económica do capitalismo colonial español por anticonstitucional, ao tempo que a agresión colonial ás clases populares galegas, aos traballadores galegos, continúa e concrétese con novas formas. Os topes salariais, as regulacións, os espedentes de crise, a privatización dos servicios públicos, pretenderán ser asegurados. Nos soio podemos manifestar ante todo este montaxe a nosa oposición VOTANDO NON A CONSTITUCIÓN e oponéndonos con toda a nosa forza ao Pacto social que se aveciña.

CORFI

VIOLAS EMPEÑADO EN FUNDIR A EMPRESA

Ante a total pasividade das autoridades colonialistas españolas en dar unha pronta solución ó conflicto de Corfi orixinado polo afán especulativo do grupo Violas e a complicidade de estas mesmas autoridades ó orixe do mesmo, a Intersindical Nacional Galega, por medio do seu segredario de zona e o segredario local de Vigo, así como un membro do Comité de Corfi desplazaronse a Portugal pra averiguar en este país mais referencias en torno o grupo capitalista portugués a fin de que a opinión pública teña unha referencia máis profunda do conflicto, orixe do trasfondo económico e político que intenta cortar toda saída á preservación dos 500 postos de traballo implicados.

Na Federación do Textil de Oporto (pertencente a CGTP-INP) tivemos oportunidade de entrevistarnos con dirixentes e delegados de Cotesí e Corfi Portuguesa así como con outras personas implicadas no mundo laboral, que confirmáronos:

— O feito de que a produción da Cotesí, empresa xemea á Corfi de Porriño, tiña aumentado a sua produción nun 35 por 100 nos primeiros 6 meses de 1978 frente o mesmo período de 1977.

— Cas debidas de Corfi de Porriño con respeuto á Cotesí son de apenas 6.752.327 escudos (asegur o balance da Cotesí do derradeiro ano).

— Que Solmar empresa explotadora do Casino de Espiño (da que é o maior accionista Violas) ten modificado os seus estatutos pra abrir casinos en España (todas as fontes fan referencia a Galicia).

— Que Violas ten importantes propiedades inmobiliarias en Benalmádena.

— Que Violas é dono duns 600 apartamentos en Porto, ademais das referidas factorías de Cotesí: 1.600 traballadores, e Corfi, uns 400, adicada esta última a fabricación en base o sisal.

— Que poideran non coincidir o valor da maquinaria saída de Portugal, co seu valor de entrada en Galicia, xa que esta sufriu grandes modificacions nos talleres de Corfi do Espiño (parte do capital aportado á empresa fixose en dólares e parte en maquinaria, aprosimadamente por mitades).

Istes aspeitos da actividade de Violas, e outros más, que pensamos presentar ás autoridades e a opinión pública nos próximos días por medio dun dossier, veñen a confirmar, catro cousas:

1) O grupo Violas ten unha situación económica forte.

2) O sector de Cordelería e sacos está en franca expansión.

3) A actuación de Violas desde a creación de Corfi de Porriño en esta foi de especulación.


4) A actuación de Violas en Portugal deixa moito que desexar como se desprende da nota aparecida no semanario do Espiño «Mare Viva» que engadimos a este comunicado, no que se fala da perda do pasaporte por parte diste industrial.

Ca opinión pública xulgue...

Nos coidamos co goberno si queda pasivo frente a ista situación non é porque descoñeza istos feitos, sinón porque non quere solucionalos... A sua razón política terán os señores de Madrid pra coincidir con Violas.

INTERSINDICAL NACIONAL GALEGA

Vigo, 21 de outono de 1978



PONTEVEDRA

CONVENIO DO COMERCIO DO TESTIL UNHA NOVA XOGADA DE COMISIONES

Os convenios de Comercio Testil e Pel na provincia de Pontevedra, negociados separadamente por intransixencia dos empresarios a negocialos conxuntamente, chegan a sua firma con resultados distintos como consecuencia da actitude de Comisiones Obreras que, na liña das suas actuacions ás que xa nos ten acostumbrados, asumé o papel de desmovilización dos traballadores, e nfavor da patronal.

Mentras na negociación do convenio da pel, onde tiveron unha presencia mínima, se chega como consecuencia da presión dos traballadores movilizados pola nosa Central, á firma dun convenio que, lonxe ainda de satisfacer as necesidades e aspiracions dos traballadores, contempla de positivo un aumento salarial que se aprosimá ao 35 por 100 a más doutros logros sociales, o convenio do comercio testil firmado paralelamente por CC.OO. con oposición maioritaria do resto do comité, onde prevalece a alternativa da ING, non sólamente se limita o aumento salarial (prácticamente o estipulado

no Pacto da Moncloa) sinón que ademais mantén en vigor todo o articulado do anterior convenio firmado no marco do sindicato vertical.

A ING, que desde o inicio das negociacions plantexouse a necesidade de concienciar e mobilizar aos traballadores do comercio como único medio de vencer a intransixencia dos empresarios, e ao mesmo tempo acabar coa pasividade que sempre caracterizou a este sector, viu en gran parte logrado o seu propósito, e si esto non culminó no logro dun convenio más xusto, débese esclusivamente a actitude adoptada por Comisiones, que servindo aos intereses da patronal, rachou a unidade dos traballadores retirándose do comité negociator e pactar cos empresarios a firma dun convenio que satisface plenamente os propósitos da parte empresarial que viron asegurados os seus intereses e daban fin a un conflito, cujas consecuencias empezaban a acusar.

Como diría o asesor dos empresarios, era «o primeiro convenio que se lle escapaba das mans».

COMUNICADO DA ING SOBOR DO CONFLICTO DOS MESTRES DESPLAZADOS

A ING quere espoñer públicamente a súa postura, ante as manipulacións que o MEC, a Xunta e os partidos políticos e centrais españolas fixeron no conflito dos mestres desplazados:

1. — As contradicións que resistiron sempre o interés posto na resolución do conflito viñan dados polo feito de que o problema é político, e dentro dos análisis dos partidos políticos e centrais españolas non entra o meterse a fondo a reivindicar o dereito nacional dos traballadores galegos a traballar na propia Terra.

2. — Precisamente o papel dalgún destes partidos e centrais españolas quedou moi claro ao longo do conflito, boicoteando constantemente as decisións da Comisión Negociadora e tentando desmovilizar e frenar a loita popular, pretendendo levar o conflito por vieiros institucionais.

3. — Denunciamos o contubernio Xunta-MCE-e partidos e centrais españolas en tentar quitarlle protagonismo á Comisión

Negociadora de afectados, xa que, apesar das suas promesas de que recorcián que era a que tiña que negociar, na práctica, impidironao boicotear a entrevista da Comisión co Sr. Matías Vallés. Este feito é moito más significativo cando determinadas forzas non aparecian xa nas asambleas (PCE, CCOO, PSOE, UGT) e si nas reunións da Xunta.

4. — A I.N.G. considera que a loita foi un paso adiante, e que hai que seguirloitando. O problema pra nós é político, e sitúase na función colonial que o ensino cumple no noso país, onde os traballadores galegos non poden exercer o dereito a traballar na propia Terra. E desde esta perspectiva como se entende todo o conflito: a actitude intransixente do MEC é non reconocer un dereito nacional, a actitude das forzas españolas non poñendo a carne no asador e situándose do lado da Xunta e máis do MEC. Tamén é así como se pode realmente retomar a loita de cara ao futuro pra conseguir rematar coa emigración no sector, así como a recuperación dos emigrantes.

CARTA DUN GRUPO DE TRABALLADORES DA Cia. TRANSMEDITERRANEA

Compañeiros:

Hoxe, a pesares das chamadas «revolucións democráticas» do Estado español, os traballadores galegos do mar seguimos igual ca moitos anos atrás. Un grupo de traballadores da Cia. Transmediterránea, afiliados ó SGTM-ING, queremos espoñer a situación en que estamos na Empresa (vacacións, hixiene, salarios...), así picorna a nosa opinión ante o polémico Pacto da Moncloa, postura de unánime oposición a este Pacto firmado entre as diversas forzas políticas parlamentarias do Estado español —AP, UCD, PSOE, PCE— e os seus sindicatos UGT e CC.OO.

Nós, traballadores do mar, non imos enumerar os puntos do Pacto da Moncloa, pero sí mencionaremos o punto que máis claramente atenta contra nosa, deixando a unha banda reivindicacións similares ás da terra, como poden ser 100 por 100 de salario en caso de enfermidade, dereitos sindicales, horas estras, salarios, etc. O 90 por 100 das reivindicacións do mar teñen dúas orientacións ben marcadas: SALARIOS e VACACIONES.

Namentras que en terra co Pacto Social da Moncloa se limita a subas dos salarios a un 22 por 100, no mar, ó pedirmos un aumento das vacacións, un supoñer de vinte días máis ó ano, xa repre-


senta un incremento dun 12 por 100 polo menos da masa salarial global, quedándonos somente un 10 por 100 pra aumento salarial.

Queremos salientar a inoperancia do SLMM, que non acaba de definirse ideolóxicamente, e que non terá máis remedio ca cair ben pra CC.OO., ben prá UGT (centrales firmante do Pacto da Moncloa).

Na recente firma do convenio base prá Mariña Mercante, o SLMM deixeo ben clara a carencia dunha laxe sindical de clase, pois o único que fixo foi ser un xoquete nas mans de ANAVE pra a última hora firmar o que quixerón os armadores, e longo de todas as negociacións, das cales non tivemos a máis mínima información.

A parte desto, queremos deixar ben clara a nosa oposición ás subas efectuadas pola Cia. Transmediterránea dalgúro co aumento estipulado no convenio sobor do índice do custo da vida, pois mentres que esta suba representa 11.500 pesetas pra un capitán, pra un mariñeiro son só 6.000 pesetas. Esta suba foi tamén aprobada polo SLMM.

Tamén queremos chamar a atención sobre das deficientes condicións hixiénicas que sufriremos a bordo, mala alimentación, durmindo catro nun camarote, etc.



Por parte da empresa tampouco non se cumplen moitos puntos do convenio actual no que respecta á totalidade da plantilla, pois se antes faltaba algún mariñeiro, engrasador, etc., o salario repartise entre nós. Agora neste convenio modifícase este punto, eliminando estes salarios pra que embarcase completo, pero o certo é que sempre faltan catro ou cinco tripulantes. Tampouco non paga a Compañía as horas estras que nos corresponden según o

convenio polo retraso nas saídas do barco motivadas por carga e descarga.

Todos estes incumplimentos do convenio lévanse á práctica polo apoio á empresa dalgúns oficiais e capitáns que inxenuamente se crén parte dela. Daí a necesidade nosa de autoorgaizarnos nun sindicato anticapitalista e anticolonial.

UN GRUPO DE
TRABALLADORES DA
CIA. TRANSMEDITERRANEA

AS NOMINAS

As nóminas son os recibos oficiais de salarios publicados com modelo oficial pola Delegación Provincial de Traballo. O seu uso é obligatorio por todas as empresas, salvo que disponan de autorización expresa da autoridade laboral para dispor de outro formato. As nóminas teñen que se entregar mensual ou semanalmente.

Fírmanse dous exemplares, o orixinal queda para empresa, e a copia para traballador. As nóminas compre conserválas sempre, incluso despois de cesar na empresa, para facer reclamacións de calquera tipo. As nóminas teñen que reflexar clara e integralmente os seguinte datos:

Nome da empresa.

Domicilio da empresa.

Número de afiliación da empresa á Seguridade Social.

Nome e apelidos do traballador.

Categoría e posto de traballo.

Número de afiliación do traballador á Seguridade Social.

Antigüedad na empresa (data de Alta).

Data ou período a que se refire a nómina.

Salario base.

Complementos salariales-antigüedad, plus.

Complementos por cantidad ou calidad de traballo.

Horas extras.

Complementos por desplazamentos e plus familiar.

Cotización á Seguridade Social e I.R.T.P.

Cuotas Desempleo e Formación Profesional.

Teñen que incluir tamén un espacio para percepcións por I.L.P. e anticipos, caso de que istos se produzcan.

Na pequena empresa, e inda nas grandes, é frecuente non incluir nas nóminas o salario real, ben seña primas, incentivos, horas extras, dietas, «gratificacións», etc., que se pagan en sobres ou recibos aparte sin sello nin membrete da empresa, ou si o teñen non se lle entrega copia ao traballador. A finalidade que persiguen as empresas con ista práctica é a de cotizar menos a Seguridade Social, a Facenda, imponer ao traballador condicións de dependencia xa que todo o que figura aparte da nómina, teóricamente non existe e por tanto pode suprimirse ou reducirse, sin posibilidade de reclamación algúns (outra cousa é que mediante algúns proba ou testificación poida o traballador demostrar a existencia distas percepcións na Maxistratura). Tamén porque suponen unha boa medida para dividir e discriminhar aos traballadores.

Os perxuicios que isto ten para traballador, aparte dos xa enumerados, son moitos:

— Ter unha cotización moi baixa na Seguridade Social, e polo tanto, as prestacións que no seu día poidanlle corresponder por I.L.P., xubilación, desempleo, etc., serán proporcionais ao salario cotizado.

— En caso de despido as indemnizacións son sobre do salario legal.

— En algúns convenios e ordenanzas, as pagas extras son a salario real, e pode o empresario

Empresa	Traballador		
Domicilio (1)	Categoría profesional Puesto de traballo		
N.º Inscripción en la Seguridad Social	Antigüedad en la Empresa desde	N.º Libro Matrícula N.º afiliación a Seguridad Social	
PERÍODO DE LIQUIDACIÓN del al de al al de 197 Total días (2) Término			
I. DEVEROS: Importe total plazo.			
1. PERCEPCIONES SUJETAS A COTIZACIÓN EN EL REGIMEN GENERAL DE LA SEGURIDAD SOCIAL (3)			
1.1 Percepciones de carácter salarial			
SALARIO BASE (4)			
COMPLEMENTOS SALARIALES			
Personales	Antigüedad	Idioma	Títulos
Puesto de trabajo	Todos, personales e paternos	Habilidades	
Por calidad o cantidad de trabajo	INCORPORACION ANTIGÜEDAD	Asistencia Horas extra (5)	
Por antigüedad permanecida superior a un mes	CONTRIBUCIÓN PROFESIONAL	Participación en INVESTIGACIONES	
En especie (6)		De residencia	
1.2 Percepciones de carácter salarial y acción social empresarial (7)			
(8)			
2. PERCEPCIONES NO SALARIALES EXCLUIDAS DE COTIZACIÓN EN EL REGIMEN GENERAL DE LA SEGURIDAD SOCIAL			
Indemnizaciones o auxilios	(9)		
Prácticas de la Seguridad Social	PREV. A LA BASE AVAN. A FAV. (10)	Del dia al dia	Del dia al dia
Máximas voluntarias de la acción protectora de la S. S. y productos en especie concedidas voluntariamente por la Empresa (11)	PREV.	PREV.	PREV.
A. TOTAL DEDUCIDO			
B. DETERMINACIÓN DE LAS BASES DE COTIZACIÓN AL REGIMEN GENERAL DE LA SEGURIDAD SOCIAL			
1. BASES DE COTIZACIÓN, EXCEPTO PARA ACCIDENTES DE TRABAJO Y E.P.			
1.1. Bases totales de cotización			
1.2. Designación de la base total			
Remuneraciones	BASE TARIFFEADA	Grado	Importe
Prácticas	BASE COMPLEJA INDIVIDUAL	Aportación del trabajador	
TOTAL ...			
2. BASES DE COTIZACIÓN POR LAS CONTINGENCIAS DE A.T. Y E.P.			
2.1. Bases de cotización			
2.2. Por desembolso sobre			
2.3. Deducciones			
2.4. Aportación del trabajador a las cuotas del Régimen General, Sindical y Formación Profesional			
2.5. Importe Remanente de Trabajo Personal			
2.6. Anticipos			
2.7. Valor de los productos recibidos en especie			
B. TOTAL A DEDUCIR			
LIQUIDO TOTAL A PERCIBIR (A-B) ...			
Firmas y sellas de la firma			
de de 197 RECIBIR			

negarse a darlle mais que o que figura na nómina.

— Isto acontece con as vacacións.

O argumento que utilizan normalmente os empresarios para manter estas situaciones cando non les chega a imposición pura e simple, é o de querer demostrar que con todo o salario en nómina o traballador sale perdiendo pois ten que pagar más de Seguridade Social e de I.R.T.P. Isto, que en algúns casos, ou case sempre, é certo, non ten en conta os perxuicios sociais e económicos que o traballador pode ter a medio e largo plazo.

Unha das fórmulas semellantes mais frecuentes son as chamadas «gratificacións voluntarias», que ESTAN PROHIBIDAS LEGALMENTE, e que se siguen utilizando, e que cuando constan na nómina, teñen a inconveniencia de que poden ser absorbidas total ou parcialmente polos aumentos legais que vaian surdindo por convenios, salario mínimo, laudos, etc. As empresas que pagan mais do salario que legalmente les compre, teñen que incluir estas cantidades como complementos salariais por cantidad ou calidad de traballo.

A riqueza marisqueira das rías galegas constitúe un dos más importantes recursos mariñeiro da nosa nación cuia explotación, feita de xeito comunitario, xa hoxe representa unha importante cifra evaluable en centos de millóns de pesetas anuais, e que dá trabalho eventual e permanente a decenas de miles de galegos. Se a explotación dos recursos marisqueiros estivera planificada racionalmente, impulsando e diversificando o tipo de cultivos, traballando metódica e racionalmente o fondo das rías, criando viveiros específicos das especies

máis rentables, utilizando os aparellos específicos que combinase a máxima recollida co coidado e conservación das especies, facendo un acoplamento científico das vedas ás características de cada marisco, ós seus ciclos de desove, reproducción e medre e controlando o cumplimento das vedas e o tamaño das capturas..., esto significaría multiplicar en corto espacio de tempo a capacidade de producción das nosas rías creando miles de postos de trabalho estables e temporales no proceso de rematar co paro e coa emigración en Galicia.

O MARISQUEO

Pero nada desto existe. Hai unha total falla de planificación marisqueira en todos os ordes, as vedas están mal reguladas, non atenden a criterios científicos dos ciclos naturales nin as épocas de maior rentabilidade económica, nin se controla o cumplimento das mesmas. Exemplo claro desto téromo na veda da nécora, que non tén un período fixo de desove e que actualmente está regulada dende 1.º de outono a 30 de abril, cuniendo os mariñeiros que debe ser de 1.º de nadal a últimos de febreiro e de 15 de xullo a 15 de setembro, por dúas razons importantes:

A) Por coller épocas de maior rentabilidade económica pra este marisco por alcanzar millores precios.

B) Por non coincidir con outras vedas importantes, xa que os mariñeiros que se adican á nécora son profesionais do mar que van rotando as capturas das distintas especies ó longo do ano, e no 1.º de outono abríuse a veda do marisco de praia, ameixa e berberecho, non podendo traballar as dúas vedas, ó mesmo tempo que doutro xeito garante unha explotación continua e uns ingresos permanentes.

As explotacións marisqueiras abandonanase a unha cásque total espontaneidade, tanto no que se refire á preparación do chan coma á recria ou á recolleita, mermándose notablemente as posibilidades do sector e asistindo a progresiva degradación das



praias por falla de atención, como é o caso das rías de Ferrol (Muggardos, Barallobre) ou da ría de Pasaxe-Burgo, das que este ano non se poderá extraer marisco pola morte da cría, víctima da contaminación producto dos sedimentos de petróleo e deterxentes (URQUILA) e dos vertidos contaminantes constantes que están botando á ría as industrias e zonas residenciais colindantes,

xunto coa acumulación de area no medio da ría de Pasaxe por falla de arado en campañas pasadas e que fai improductiva a ría na zona central.

O SGTM-ING xa plantexou á Dirección Xeral de Pesca e ó Gobernador Civil esta situación sin que deixa agora respostaran con feitos ás reivindicacións dos mariñeiros e mariscadoras. Polo tanto, a loita sigue adiante deixa conseguir os oxetivos propostos, que son:

1.—Proceder á limpeza da ría dos sedimentos contaminantes e ó arado e movemento de area precisos para facela de novo productiva, facendo a recria conseguinte das especies tradicionais máis rentables: berberecho e ameixa nas modalidades de fina e babosa. Esto tería como efecto secundario que se crearían temporalmente postos de trabalho cos que os mariñeiros poderían facer algún tipo de ingresos.

2.—Facer instalar depuradoras en todas as bocas de vertido ás rías, controlando e sancionando

as empresas, pechando aquelas industrias que non poidan eliminar os residuos contaminantes, como é o caso dun varadeiro en Barallobre.

3.—Que o Estado, en vista da situación catastrófica das rías, faga unha subvención, ben a fondo perdido, ben á conta das indemnización do Urquila, para cada mariñador ou mariscadora, dado que este ano non poderán outer ningún ingreso pola explotación do marisco.

De cara á campaña de marisqueo deste ano o SGTM plantexa como reivindicacións que levar adiante:

— Precio estables, xa coñecidos antes de escomenzar a ceifa, pra así garantizar uns ingresos estables sin as grandes fluctuacións existentes deixa hoxe. Supresión da subasta á baixa.

— Non as importacións de marisco que fan que decreza a demanda e baixen os precios

— Venta en postos fixos, suspensión da venta a flote e control dos postos de venta por comisións de mariñeiro. Venta por kilos, suprimindo a venta por caixóns e demás medidas.

— Tope de captura por persoa e día, co ouxeto de non rematar a ceifa cásque inmediatamente de escomenzada por exceso de capturas.

— Comités de vixilancia feitos polos propios mariñeiro para controlar o cumplimento da veda, controlar as ventas e os topes de captura.

A reivindicación máis importante é que se fagan eleccións ás distintas cofradías, pra que sefan controladas polos propios mariñeiro e rematar coas cacicadas, xa que son elas as que espénden os carnés de mariñador e son palancas pra que a clase mariñeira controle directamente todo o proceso do marisqueo e a súa explotación e control.



ASCON

Despois de que a I.N.G. abandonara o Comité de Folga de Ascón, por considerar que a saída que se lle pretendía dar o conflicto, non era boa proos traballadores, e de que a U.S.O., central maioritaria en dito comité, deixara o conflicto nas mans de U.C.D., o pasado día 9 abrironse as portas da factoría.

O resultado desta entrega, xa é ben conocido por todos: 5 despedidos, 25 sancionados, 350 traballadores das contratas, que xa eran fixos de plantilla que non se reintegran o traballo, 121 reconvertisdos, e ainda quedan pendentes 250 de regulación ea empresa pretende impoñer.

Ante estas consecuencias, os traballadores de Ascón e os galegos en xeral, estamos na obriga de aprender dos nosos propios errores. A loita exemplar que os compañeiros de base de Ascón libraron, non debe, nin pode quedar sin frutos.

Por iso compro analizar cales foron os motivos que nos levaron a ista derrota parcial, pra que ca experiencia podamos dar resposta aos graves problemas tendentes na factoría.


Xa no comezo da loita, vironse con claridade duas alternativas antagonistas. Por un lado a das centrales españolas CC.OO., U.G.T. e U.S.O. que atadas polos compromisos que teñen co goberno, querian entregar o conflicto, sin presentarlle unha loita decidida. A única diferencia entre CC.OO. e U.G.T. con U.S.O. viña dada, por que mentras as primeiras querian facer a venta do conflicto, canto antes, pra levar a rentabilidade política de apertura, a U.S.O. aguantou a situación con brazos cruzados hasta poder entregarla a rentabilidade da apertura a U.C.D.

En contrapartida a ista alternativa entreguista, estaba a da I.N.G. de agrupar tódolos conflictos da clase traballadora tiña en Vigo naqueles momentos, metal de menos de cen, Cordeleñas Mar, Regojo, etc., por facer un frente común, pra buscar a solidariedade activa de tódolos traballadores da zona pra poder enfrentarse con éxito a patronal e o Goberno.

Ista diferencia fundamental, entre o «sindicalismo» espanyol-

ta que U.S.O., U.G.T. e CC.OO. practican con sindicalismo da central nacionalista I.N.G., non é casual en Ascón: xa que ven enmarcado por toda unha filosofía política de fondo, como queda evidenciado, polo apoio decidido das centrales españolas a conxelación salarial cos monopolios pretenden impoñer no próximo PACTO SOCIAL.


De todo isto os traballadores galegos, en concreto os de Ascón temos que ver a urgencia da autoorganización dos traballadores a nivel galego. E diste xeito fortalecer a I.N.G. como única central dos traballadores galegos; pra que nun futuro próximo o resultado das loitas dos traballadores non teñan as consecuencias de Ascón.



Hoxe, as eleccións de Ascón, están próximas, as duas opcións que temos están claras. Ou deixar que a empresa faga a reconversión ao seu antoxo e nos conxelen os salarios hasta o 10 po 100. e apoando o pacto social, dando os

nosos votos a CC.OO., USO e UGT; ou continuar a loita contra a regulación, e a conxelación salarial que os monopolios tratan de impoñernos apoando a I.N.G.

En definitiva, os traballadores de Ascón temos a última palabra.



EN LOITA POR UN CONVENIO



Ao día seguinte do despido do compaño Mingaelegado da nosa central sindical na bala «AMADORCIN», os mariñeiros deciden en asamblea celebrada na Casa do Mar, non volver ao traballo.

Máis alá da solidaridade co compaño despedido, plateouse unha negociación cos armadores en defensa de reivindicacións laborais recollidas nun anteproyecto de convenio que o SGTM tiña elaborado e discutido ante os mariñeiros de Muros.

O pago so salario «A PARTE», sistema fraudulento basado nas capturas que caseque nunca se corresponden coa realidade á hora de contrastalas coas follas

de venda na lonxa.

O anteproyecto do noso Sindicato contempla un salario mínimo pra o mariñeiro que lle garanteza unha vida digna, e pon as bases pra rematar co sistema «A PARTE».

A volta ao mar dalgunhas das bakas con personal en moitos casos sin enrolar e incluso con menores de idade, foi a tónica xeneral dos días 17 e 18 de outono: paralelamente un grupo de mariñeiros, 35, fortemente unidos e dispostos a loitar pola sua readmisión (moitos deles foron desenrolados), e por un convenio que por primeira vez regule as relacións laborais no porto de Muros.

Piquetes de máis de 100 persoas ante os que se atopaban moitas mulleres, trataron de informar aos que se embarcaban pedindo solidaridade, acción que foi impedida pola Guardia Civil, anque diante da presión da xente non tiveron máis remedio que deixar pasar unha comisión ao porto.

O día 18 mantense por fin unha xunta cos armadores que en todo momento mantiveron unha postura cerril e intransixente en canto a negociación e readmisión punto este fundamental prá volta ao mar.

E o día 19, cando en presencia dun inspector de Traballo as ne-

gociacións concretanse no seguinte:

1.—Readmisión de todos despedidos.

2.—Encetar as negociacións do Convenio antes do 24 de Outono.

3.—Compromiso de realizar eleccións sindicales antes do 26 de novembro.

No intre de escribir estas líneas os empresarios manteñen ainda sin readmitir a 10 compañois, incumplindo así o pactado. Diante disto, a nosa central está disposta a presionar e voltar á loita pola readmisión dos desenrolados e un convenio xusto.

Todas as publicacións da nosa Central, todas as intervencións públicas dos seus representantes se fan en idioma galego. Tamén esto nos distingue da práctica das Centrales españolas que usan o galego por comodidad —presionadas pola nosa práctica— e deixáno tamén cando lles convén deixalo.

Este feito débese a algo. Galicia é unha nación colonizada, asoballada no terreo político, económico e cultural. O noso sindicalismo, o sindicalismo nacionalista e de clase —anticapitalista e anticolonial—, asume esta realidade. No terreo cultural, temos que a nosa cultura nacional é unha cultura oprimida, negada, non reconocida oficialmente. O noso idioma, é o idioma dos obreiros e das demais clases populares e traballadoras. O español, é o idioma do Estado Imperialista e dos seus emisarios en Galicia: a burguesía intermediaria e as institucións coloniales.

Diante desto, a única saída consecuente prá ING é utilizar como idioma oficial a nosa lingua galega, pois o contrario sería ceder á agresión colonial, sería renunciar ó que nós somos, sería pasarnos ó enemigo. En Galicia non se pode facer sindicalismo auténtico de clase se non somos intransixentes defensores da nosa cultura

A nosa central e a cuestión do idioma



nacional. Os traballadores galegos estamos nunha nación colonizada, e non podemos liberarnos socialmente, non podemos acabar coa explotación que como clase sofrimos, sin acabar tamén coa colonización, coa apresión política, económica e cultural que sofre a nosa Nación.

Os traballadores galegos sí temos Patria: GALICIA. E tamén un idioma: O GALEGO.

CONTRA A POLITICA PESQUEIRA COLONIAL

Ademáis dos espedentes de crisis das empresas de terra, dos peches patronais, agora a clase traballadora e todo o pobo galego ten que enfrentarse a máis grave crisis do sector pesqueiro da súa historia, na que pelligrinan máis de 100.000 postos de traballo entre directos e indirectos.

O Estado Español demostrou xa, non ter interés en defender a flota de altura galega, na sua gran maioría composta por pequenos e medianos armadores. A política pesqueira do Estado está enfocada única e exclusivamente de cara a defender e potenciar a flota de gran altura e conxelado propiedade das empresas monopolistas do sector, das que o seu principal exponente é PESCANOVA. Pra os monopolios pesqueiros non existen crisis de augas territoriales, xa que avalados polo goberno están continuamente facendo empresas mixtas, cos países propietarios dos caladeiros tradicionais. A maniobra do Capital Imperialista español está clara e ten duas vertentes:

—Por unha banda eliminan un tema de conflicto para a negociación de entrada do Estado Español na CEE, pasando por todas as condicións que lle señan marcadas.

—Pola outra desplazan a flota de altura galega dos caladeiros do Grand-Sole deixando o campo aberto a composición dunha gran empresa mixta a EIRA / NOVA FISSING OU A CELTANOVA, hispano-irlandesa, que monopolizará as capturas e a comercialización do peixe.

As consecuencias pra economía e pra as clases traballadoras é moi grave. Destruíuse a vida industrial e comercial do máis importante porto de peixe fresco de Europa, que é o porto da Cruña e de outros portos galegos como Celeiro, Burela, Vigo, Ribeira, Marin...

A alternativa que da a Administración e os partidos e sindicatos españoles é a mesma: Desguace de barcos de más de 20 anos, un 22,6 por cento do total, xubilación anticipada dos mariñeiros maiores de 55 anos e o seguro de desemprego.

E sobre esta alternativa, e pedindo que os sindicatos españoles interveñan e participen na reestructuración da flota pretende montar unha demagóxica manifestación na que participará o propio partido no poder a UCD. Movilizáns como as de Ferrol co problema da construcción naval ou como as de Redondela, pola crisis de Reixo, feitas co único ouxeto de apoiar a propia política do capi-



tal. Este intento de movilización trata de utilizar aos sectores implicados pra apoiar alternativas antiobreiras utilizando a pantalla demagóxica.

Frente a esto a ING-SGTM, rexeita totalmente a alternativa de reestructuración da flota emanada dos orgaos oficiais, e apoiada polo españolismo porque implica a simple aceptación do despido e a pérdida de miles de postos de traballo que é inaceptable nunha Nación como a nosa, que pola explotación colonial xa temos emigrantes e parados de abondo, sobre de todo cando utilizando unha política racional e galega de desenrollo dos propios recursos e de defensa de postos de traballo esto non ten porque suceder.

A alternativa do SGTM-ING, que movilizou o pasado dia 14 d'outono a máis de 3.000 personas afectadas na Cruña, nunha manifestación compacta e cun claro contido anticolonial e:

—De xeito inmediato: Que a negociación coas autoridades da CEE señan sostidas non en base a simples peticións formales, sin aportar nada a cambio. A negociación de cara a sostener as Augas do Grand-Sole a un maior número de barcos ten que pasar polo pago de canones de pesca a CEE e

—O incremento do número de licencias aunque forá por un tempo transitorio de soio uns anos, posibilitaría nese tempo a proceder á reforma pesqueira no noso litoral e a creación de postos de traballo en terra.

E evidente que se intenta ir esfarelando progresivamente o sector. As licencias son escasas e insuficientes, por outra banda, son soio deixa o 31 de nadal no que xa celebrarán novas negociacións, e ademáis moitas delas non sirven pra os barcos da flota galega por estar situadas en caladeiros moi lonxanos e de pouca rentabilidade, xunto con isto as condicións impostas en canto a proporción entre merluza e especies asociadas e incumplible na práctica. A rotación de barcos non é en absoluto solución, é un paso intermedio de desintegración do sector xa que fai irrentables as explotacións pesqueiras pra os armadores e fai diminuir os salarios dos mariñeiros ás cantidades de miseria coas que non podrán facer frente as suas necesidades.

Ante esta grave agresión e preciso a unión de toda a clase traballadora galega, e xunto con todo o resto do pobo, afectado pra evitar o esfarelamento da flota de altura e a destrucción dos postos de traballo e impedir que a política colonial avalada por todos os partidos e sindicatos españoles de facer unha reestructuración da flota dando como a única saída e o paro e a emigración, siga adiante.

